

---

# AI, FILOMENA, FILOMENA! E OUTROS CONTOS

Texto de MIQUEL OBIOLS

Ilustracións de MIGUEL CALATAYUD

Tradución de FRANCISCO CIDRÁS

---

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 96 páx. 14 €.

PREMIO CRÍTICA SERRA D'OR DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

**Ai, Filomena, Filomena! e outros contos** (galego).

ISBN 978-84-8464-777-5. Colección Sete Leguas.

**¡Ay, Filomena, Filomena! y otros cuentos** (castelán).

ISBN 978-84-92608-51-5. Colección Sete Leguas.

**Ai, Filomena, Filomena! i altres contes** (catalán).

ISBN 978-84-8464-796-6. Kalandraka.

*Filomena era unha rapaza que tiña moita imaxinación; tanta imaxinación que, cando lle explicaba algunha cousa á xente maior, non a entendían porque falaba dunha maneira diferente e todos armaban unha enleada do demo...*

Este libro de relatos breves e sorprendentes, publicado por primeira vez en 1977, foi a primeira obra de Miquel Obiols quen, cos anos, seguiu fiel ao seu estilo transgresor, rebelde e provocador, fronte a certa tendencia paternalista da literatura infantil, moralista e didáctica. Coa fantasía e coa imaxinación como eixes creativos, "Ai, Filomena, Filomena!" está cheo de exercicios lingüísticos, caligramas e brincadeiras de palabras.

"Interésame a escritura como experimento, gústame recrear temas, xogar coa linguaxe", chegou a dicir Obiols sobre este volume innovador e atemporal. Inspirado por Lewis Carroll, Gianni Rodari e as técnicas do grupo OuLiPo (Ouvroir de Littérature Potentielle), o autor constrúe historias cun enxeño desbordante e cunha linguaxe sinxela, aínda que coidada e estudada. O resultado son oito contos sorprendentes que divirten dende o absurdo e o surrealismo.

As vivencias infantís -mesturadas coa realidade máis actual- son o xermolo destes mundos fantásticos: dende as palabras *filoménicas* ou as aventuras dos *catacaramelos* xigantes, ata as insólitas vacacións do planeta Terra ou os avatares dun pobo castigado polo verán, pasando pola drástica solución a unha cidade colapsada polos coches ou os trucos para cambiar de cabeza, sen esquecer as peripecias dunha familia de mobres humanizados ou o espectáculo circense onde un caballo ordeas letras ao trote.

As ilustracións sublimes e vangardistas de Miguel Calatayud son o complemento ideal, pola súa dimensión simbólica e o seu peculiar xogo xeométrico e cromático, paralelo ao literario.



---

■ **Temática:** relatos breves e surrealistas.

■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** do autor e do ilustrador de "Libro das M'Alicias"; do autor de "O cadro máis bonito do mundo", do ilustrador de "Kembo", "Al pie de la letra" e "Miguel Calatayud: ilustraciones 1970-2010"; caligramas, xogos de palabras.

---

## Miquel Obiols

(Roda de Ter, 1945)

Licenciado en Filoloxía Hispánica, exerceu a docencia durante máis dunha década. Dende o seu primeiro libro infantil, "Ai, Filomena, Filomena!" (1977), compaxinou a literatura coa televisión: foi creador e director de programas como *El planeta imaginario*, *Juego de niños*, *Pinnic* ou *Más o menos, multiplicado o dividido*. Recibiu, entre outros, o Premio da Generalitat de Catalunya, o Premio da Crítica na Feira de Boloña, o Premio Ondas Internacional e a Medalla de Bronce (Nova York) por *Pinnic*. Entre os seus libros, que foron traducidos a varios idiomas, destacan "O cadro máis bonito do mundo" e "Libro das M'Alicias", editados por KALANDRAKA.

## Miguel Calatayud

(Aspe, 1942)

Debuxante e ilustrador de cómic e libros infantís. Recibiu os premios máis prestixiosos, como o Lazarillo de Ilustración (1974) e o Nacional de Ilustración (en 1989, 1992 e 2009). En 2000 foi candidato ao Hans Christian Andersen. Nos 80 foi un dos principais representantes da 'liña clara valenciana'. Dirixiu varios proxectos editoriais e foi comisario das exposicións *Animales en su tinta* e *Originales para cinco rondallas* do Salón do Libro Infantil Cidade de Alicante. É autor de "Al pie de la letra", ilustrador de "Libro das M'Alicias", "Kembo", (Lista de Honra IBBY 2012) e protagonista da retrospectiva "Miguel Calatayud: ilustraciones 1970-2010", publicados por KALANDRAKA.

